

## TEMA 2

### GALICIA NA IDADE MEDIA

#### A CANTIGA DE AMOR

#### 1.A Galicia medieval

- Sociedade galega na Idade Media = **sociedade feudal** (labregos, artesáns, comerciantes / nobres / rei)
- Etapa histórica de **esplendor (XII e XIII)**
- Melloras:**
  - agricultura
  - comercio
  - asentamento da poboación (cidade e vila)
  - crecemento da poboación rural e urbana (artesanado e comercio)
  - Compostela, cidade importante (Diego Xelmírez)
  - Galicia goza de certa autonomía
- Cultura universal** = arte románica e lírica trobadoresca

#### 2.A literatura medieval

- Cantigas**, producións poéticas
- Tradición literaria popular** (colleitas, primavera...) + **lírica provenzal ou occitana** (Camiño de Santiago)
  - = **lírica galego-portuguesa medieval**
- Lírica medieval** = conxunto de composicións poéticas (sobre 1680 textos profanos e 420 relixiosos) escritas en galego-portugués dende finais do século XII a mediados do XIV
- Cantiga máis antiga** que conservamos, “**Ora faz host'o senhor de Navarra**”, de João Soárez de Pavia.
- As cantigas chegan a nós a través dos **Cancioneiros**.

#### 3.Os cancioneiros (follas compiladas e escritas á man por copistas)

- Cancioneiro da Ajuda:** en Lisboa, finais do s. XIII ou comezos do XIV. 310 cantigas (amor)
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional:** Lisboa. Posúe 1700 pezas de todos os xéneros
- Cancioneiro da Vaticana:** 1200 composicións de todos os xéneros

##### **Manuscritos menores:**

- Pergamiño Vindel:** contén as sete cantigas de Martin Codax, seis das cales aparecen con transcripción musical.
- Pergamiño Sharrer:** contén letra e música das cantigas de D. Dinis de Portugal.

#### 4. Autores e intérpretes

- Producións realizadas por **nobres e reis** (tempo de lecer). Acompañadas de música, bailes e danzas.
- Trobador**: nobre, compón cantigas e pode interpretalas
- Segrel**: pequena nobreza (fidalguía), interpreta as súas propias composicións. Pode cobrar.
- Xograr**: escala social máis baixa. Intérprete en prazas e castelos. Cobra polo seu traballo. Ridiculizados cando escriben.
- Menestrel**: músico
- Soldadeira**: muller que participa con cantos e bailes. María Balteira

#### 5. Xéneros literarios (cadro páxina 32)

#### 6. As cantigas de amor

- Un **cabaleiro** expresa os seus **sentimentos** a unha muller (*senhor*)
- Xénero vencellado á **lírica provenzal**. Adaptación da **teoría do amor cortés** á nosa cultura.  
**Orixe: o amor cortés da cançó provenzal**
- Amor cortés** = concepción do amor segundo a cal se adaptan as **relacións sociais do sistema feudal** ás relacións amorosas. O trobador serve a súa dama (*senhor*) como o vasalo serve o señor feudal.

##### Normas do amor cortés:

- prudencia (non dicir o nome da muller porque pertence á nobreza)
- submisión (amada perfecta)
- abstracción ideal ( a muller non é concreta)
- loa a súa beleza e virtudes
- ausencia de referencias ao espazo ou tempo
- diríxese á amada, pero tamén a Deus, ao amor ou aos amigos

##### Tema:

- amor non correspondido** = **coita amorosa** (sufrimento). Isto leva á morte por amor
- subtemas: loanza da dama e síntomas do amor

#### 7. Recursos formais (carácter repetitivo)

- Dobre
- Mordobre
- Atá-finda
- Finda

##### Tipos de cantigas de amor

- Cantigas de **refrán**
- Cantigas de **mestría**

